

# CONTEXTOS e PROXECTOS de ARTE PÚBLICA

Modelos  
efémeros  
de intervención

MARCO  
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Do 29 xaneiro ao 2 febreiro 2007  
Lugar: salón de actos  
Horario: a partir das 17.00  
Previa inscrición e matrícula



Intervención de Jorge Barbi para *A cidade interpretada*.  
Santiago de Compostela, 2006  
© Cortesía Auditorio de Galicia. Concellaría de Cultura.  
Concello de Santiago de Compostela

## DATAS

29, 30 e 31 de xaneiro; 1 e 2 de febreiro  
de 2007

## LUGAR

salón de actos

## DURACIÓN

20 horas (conferencias, debates e  
proxección de material audiovisual)

## ORGANIZACIÓN

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de  
Vigo,  
en colaboración coa Universidade de Vigo

## DIRECCIÓN

Javier Tudela  
Profesor da Facultade de Belas Artes de  
Pontevedra, Universidade de Vigo

## CONTIDOS E ESTRUTURA

Un dos aspectos máis recentes e complexos da arte contemporánea ten que ver coas interaccións entre a arte e o espazo público, con proxectos que perden parte do seu carácter elitista pola súa proximidade e a inmediatez, pola aparente dispoñibilidade coa que se sitúan á intemperie, indiscriminadamente, ante o público. A través de conferencias e debates, estas xornadas analizan varios proxectos de Arte Pública xurdidos nos últimos anos que revisan os supostos de permanencia e monumentalidade da obra pública e que se instalan na 'provisionalidade' da nosa paisaxe cotiá. Proxectos efémeros que teñen estendido a idea mesma de espazo público mesmo cara a territorios 'virtuais' e que suxiren moitas cuestións e posibilidades de abordar criticamente a arte e o contexto que a desencadea.

## DESTINATARIOS

Se ben o curso/seminario está aberto ao público en xeral, teñen preferencia na inscrición os estudantes universitarios das Facultades de Belas Artes, Xeografía e Historia, Filosofía, Humanidades, e disciplinas afíns.

## PREZO

10€ para estudantes (previa acreditación)

20€ para público en xeral (desconto do 20% para membros da  
Agrupación de Amigos do MARCO)

## DIPLOMA E CRÉDITOS

Á fin das xornadas entregarase un diploma de asistencia.

[Nota: está en trámite a posibilidade de obtención de 1 crédito de libre configuración pola asistencia ao curso, para os estudantes das Facultades de Belas Artes e de Xeografía e Historia, da Universidade de Vigo]

## PRESENTACIÓN

Un dos aspectos máis recentes e complexos da arte contemporánea ten que ver coas interaccións entre a arte e o espazo público. O espazo público é un escenario privilexiado e un campo de probas dos mecanismos de poder, xestión e consenso. Esta posición débese á necesidade que teñen os poderes públicos das sociedades contemporáneas de implicar a outros colectivos para facerse visibles, así como ao interese doutros axentes sociais, económicos, informativos, medios de transporte... de atoparen estratexias para ocupar o territorio común. A penas nunhas décadas, a paisaxe —habitada ou non— ten pasado de ser unha responsabilidade exclusiva das instancias do poder a ser competencia de todos os cidadáns

As obras de arte instaladas nas rúas de pobos e cidades, nas súas prazas, parques, camiños, montañas e praias, participan dese mecanismo —real ou simulado— de transferencia do vello modelo de poder individual cara a referencias colectivas; e dalgún xeito, actívanse os proxectos como encargos *ad hoc*: para un grupo, un lugar e un tempo; para un contexto. Estas obras son interpretadas por un número reducido de 'expertos' do eido da cultura e dentro da tradición da arte, pero sobre todo son lidas como síntomas da representabilidade colectiva, e consideradas pola súa pertinencia respecto ao contexto e pola transparencia dos seus mecanismos, pola súa accesibilidade representativa, formal, simbólica, construtiva... O interese público é a condición: unha parte importante do valor da obra non está vinculada á súa rendibilidade artística e cultural senón á lexitimación política que produce e ao apoio social que obtén. Estes proxectos perden parte do seu carácter elitista pola súa proximidade e inmediatez, pola súa exterioridade, pola aparente dispoñibilidade coa que se sitúan á intemperie, indiscriminadamente, perante o público.

Adicaremos este curso á análise de varios proxectos de Arte Pública xurdidos nos últimos anos, que revisan os supostos de permanencia e monumentalidade da obra pública, e que se instalan na 'provisionalidade' da nosa paisaxe cotiá. Proxectos efémeros que teñen estendido a idea mesma de espazo público incluso cara a territorios virtuais e que suscitan moitas preguntas: ¿Prima o interese polo espectáculo, polo acontecemento, polo festival turístico e pola documentación fronte ás posibilidades de distribución e instrumentalización da acción e da obra? ¿Téntase diluír a responsabilidade do autor e do xestor público cunha intervención a modo de 'test' que non hipoteque a longo prazo o espazo común? ¿É un signo da nosa época apoiarse na lóxica do sector servizos fronte á posición tradicional do artista como produtor material? ¿Actúa hoxe a Arte como dispositivo banal e reciclable, en competencia cos mecanismos da publicidade e a novidade? Ao longo de varias conferencias e debates tentaremos ofrecer respostas a estas e outras cuestións. De feito, estes proxectos efémeros significan unha 'moratoria' dentro das intervencións no espazo público, e o seu carácter provisional ofrece posibilidades para abordar criticamente a Arte e o contexto que o desencadea.

JAVIER TUDELA

## PROGRAMA

### Luns 29 xaneiro

- 16.30 Recepción participantes e entrega documentación
- 17.00 **Presentación**  
*Contextos e proxectos de Arte Pública*  
Javier Tudela
- 18.30 **Conferencia**  
Gerardo Mosquera  
Comisario CiudadMULTIPLE, Panamá (2003)
- 19.45 Pausa café
- 20.00 Proxección dun documental de Rich Potter sobre *CiudadMULTIPLE* (Panamá, 2003; 50 min.)
- 21.00 Debate

**Martes 30 xaneiro**

- 17.00 **Conferencia**  
Jorge Díez  
Director *Madrid Abierto* (2005-2007)
- 18.45 Pausa café
- 19.00 **Conferencia**  
Pablo Fanego  
Comisario *A cidade interpretada* (Santiago de Compostela, 2006)
- 20.30 Debate

**Mércores 31 xaneiro**

- 17.00 **Conferencia**  
Ramón Parramón  
Director *Idensitat* (Calaf/Manresa, 1999-2007)
- 18.30 Debate

**Xoves 1 febreiro**

- 17.00 **Conferencia**  
Juan José Fuentes Alegría  
Comisario *Kaldarte* (Caldas de Reis, Pontevedra, 1998-2007)
- 18.45 Pausa café
- 19.00 **Conferencia**  
Diego Arribas  
Coordinador *Arte, industria y territorio* (Minas de Ojos Negros, Teruel, 2000-2005)
- 20.30 Debate

**Venres 2 febreiro**

- 17.00 Conferencia  
Carolina Grau  
Comisaria *Bienal de Jafre* (Girona, 2003-2005)
- 18.45 Pausa café
- 19.00 Conferencia  
Javier Tudela  
*Modelos de Arte Pública (iso non mo dis na rúa)*
- 20.30 Debate e conclusións finais

## FICHA DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

O cumprimentado deste impreso é imprescindible para a súa inscrición no curso. O prazo de inscrición remata o 26 de xaneiro.

Prégase entregar esta solicitude directamente no despacho de billetes do MARCO, ou ben enviar a solicitude:

- Por correo postal:  
A/A Departamento de Comunicación  
Ref.: xornadas Arte Pública  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Príncipe 54  
36202 Vigo
- Por fax: 986 113901
- Por correo-e: info@marcovigo.com

Prazas limitadas até completar aforo.

DATOS DA PERSOA INTERESADA  
(POR FAVOR CUBRA TODOS OS DATOS E UTILICE LETRAS DE IMPRENTA)

1º apelido		2º apelido	
Nome		DNI	
Tel		E-mail	
Rúa		Nº	Andar
C.P.	Cidade	Provincia	

Nivel de formación

Profesión

Modalidade de matrícula:

- 20 € Para público en xeral
- 10 € Para estudantes (acompañar acreditación)
- 16 € Para membros da Agrupación de Amigos do MARCO (desconto do 20% sobre o prezo de matrícula)

Unha vez recibida a ficha de inscrición, indicaráselle o número de conta onde pode facer efectivo o importe da matrícula, que tamén poderá ser abonado en efectivo no despacho de billetes do MARCO ao cumprimentar a solicitude.

Vigo, a ..... de ..... de 2006

Sinatura do/a interesado/a:

\* Conforme ao disposto na Lei 15/1999, comunicámoslle que os seus datos persoais van ser incorporados nun ficheiro que é responsabilidade da FUNDACIÓN MARCO, con domicilio en: Rúa Príncipe, 54. 36202 de Vigo (Pontevedra), onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición. Mediante a cesión dos seus datos persoais vostede autoriza o seu tratamento coa finalidade de xestionar as altas e incidencias nos cursos que se celebrarán na Fundación MARCO, así como as actividades relacionadas cos mesmos".